

Android Hoxe: Tendencias e Ferramentas para o Desenvolvemento Moderno

Descrición

O mundo do desenvolvemento Android está en constante evolución, e manterse ao día coas últimas ferramentas e enfoques é crucial para crear aplicacións modernas, rápidas e eficientes.

Nesta sesión de 4 horas, mergullarásche nas últimas novidades no desenvolvemento de aplicacións Android, explorando as ferramentas clave e tendencias actuais que están a marcar a pauta no ecosistema Android. Verás como deseñar interfaces reactivas, optimizar o rendemento das túas aplicacións e aproveitar as últimas APIs dispoñibles.

Se es un/ha desenvolvedor/a ou entusiasta de Android que busca actualizarse coas tendencias actuais e mellorar as túas habilidades, esta sesión proporcionarache o coñecemento necesario para aplicar enfoques modernos e ferramentas de vangarda nos teus proxectos.

O relator será Mario A Menza, licenciado en Ciencias Informáticas, con postagrado en investigación. Desde o inicio da súa carreira en 2004, especializouse no desenvolvemento e a arquitectura de solucións tecnolóxicas innovadoras, cun enfoque particular en aplicacións móbiles e sistemas de localización.

En 2018, asumiu o papel de Chief Technology Officer en Localizator, onde lidera o desenvolvemento de tecnoloxías avanzada. A súa carreira tamén inclúe roles significativos en Indra, The AA (Ireland), e Ding, onde contribuíu ao desenvolvemento de aplicacións para grandes marcas como Sony Japan, demostrando a súa habilidade para manexar tanto a programación detallada como a xestión de proxectos complexos.

Ademais, Mario impartiu formación en Java, Java EE, Spring, e Android desde 2021, aplicando a súa experiencia internacional para educar á próxima xeración de profesionais en TI. A súa experiencia tamén abarca roles consultivos e de arquitectura.

Mario combina un enfoque práctico cun compromiso profundo cara á innovación tecnolóxica e a educación, facilitando a transición de coñecementos complexos a solucións efectivas e accesibles. Este enfoque non só enriqueceu a súa carreira profesional, senón que tamén contribuíu significativamente ao éxito e a eficiencia dos proxectos que liderou .

PROGRAMA	Programación 2025/26
TIPO	SEMINARIO
PERIODO INSCRICIÓN	20/10/2025 - 03/11/2025

Android Hoxe: Tendencias e Ferramentas para o Desenvolvemento Moderno

Nº PRAZAS	45
METODOLOXÍA	Presencial
DURACIÓN	4 horas
DATA INICIO	04/11/2025
DATA FIN	04/11/2025
HORARIO	O 04/11/2025 de 16:30 a 20:30 horas.
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
PERIODO DOCENCIA	04/11/2025 - 04/11/2025

Temario

- Novidades no ecosistema Android
- Deseño de interfaces reactivas con Jetpack Compose
- Optimización de rendemento en aplicacións Android
- Uso das últimas APIs de Android
- Mellores prácticas e tendencias futuras